

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE UN ESTUDO SOBRE: "A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2015 E 2024".

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, cun período de vixencia de un ano desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Universidade de Santiago de Compostela para as accións a desenvolver para a elaboración e publicación do traballo de investigación: "A investigación educativa en Galicia entre os anos 2015 e 2024".

Esta iniciativa desenvolverase de forma conxunta pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que é de interese tanto para a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades como para a Universidade de Santiago de Compostela é traballar para a



difusión e a mellora da educación empregando a investigación educativa como instrumento necesario para a toma de decisións para o que se necesita a elaboración dun estudo sobre a investigación educativa en Galicia entre os anos 2015-2024, como un ben público para a comunidade educativa e a sociedade en xeral, co fin de dar soporte a futuras dinámicas sociais, económicas e culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

